



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE PERCEBE EN BANCOS DO ÁMBITO DO PLAN DE XESTIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA DURANTE O MES DE XUÑO

ANTECEDENTES

1. O 12.05.2025, ás 11:41 horas, a confraría de pescadores de Muxía solicita autorización para a extracción de percebe en bancos do ámbito do seu plan de xestión durante o mes de xuño de 2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
 - A Orde do 19 de decembro de 2024, pola cal se aproban os plans de xestión de recursos específicos e de algas en Galicia para o trienio 2025-2027.
2. Recíbense os seguintes informes:
 - Informe da bióloga de zona do 14.05.2025.
 - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 20.05.2025.

Este departamento territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior **RESOLVO:**

Autorizar a extracción de percebe nos bancos do ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Muxía segundo se recolle a continuación.

Datas:

- 9, 10, 11, 12, 13, 16, 17, 20, 23, 24, 25, 26, 27 e 30 de xuño.





Ámbito do plan: De punta Piaduiro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes fronte á costa).

Zonas de explotación:

ZONA E BANCOS
- BUITRA. Inclúe: - de punta Matemao a praia Arnela (CM-027) - de praia Arnela ata praia de Lourido (CM-028) - A BARCA: banco CM-029. Abertos unicamente dous tramos dentro deste banco, delimitados polas seguintes coordenadas (Datum WGS84): - tramo 1 (A Barca): de 29 T 482446.79 E – 4772843.67 N a 29 T 482055.56 E – 4773103.80 N. - tramo 2 (Langosteira): de 481995.30 E – 4771849.08 N a 481937.67 E – 4771599.37 N. Inclúe a pedra cercada Langosteira de fóra. Os outros bancos delimitados na Barca (CM-030 e CM-031) permanecerán pechados.

As condicións para o traballo NA BARCA serán as seguintes:

- **TRABALLARÁN 2 DÍAS DE ENTRE TODOS OS SOLICITADOS, os de mellores condicións meteorolóxicas e oceanográficas segundo a información da web Windfinder na situación "Villano-Sisargas Boya".**
- **Cando traballen na Barca, A BUITRA permanecerá PECHADA.**

Modalidade: a pé e embarcación.

Sistema de control:

1. A pé:

- 1.1. Puntos de supervisión previa:** Aplicables ao colectivo a pé e ao de a flote cando acceda a pé por mal tempo.

Dentro da zona de A BUITRA, os puntos de supervisión previa serían os seguintes:

- **PS10:** Aparcadoiro A Buitra (29T 479684.87 m E 4770717.30 m N)
- **PS11:** Explanada A Buitra (29T 479320.12 m E 4770770.21 m N)
- **PS12:** Pista As Pías (29T 479769.37 m E 4769935.99 m N)
- **PS13:** Os Penedos (29T 479511.96 m E 4769605.45 m N)
- **PS14:** Explanada Cuño (29T 479761.45 m E 4769095.72 m N)
- **PS15:** A Medina (29T 479360.20 m E 4768323.27 m N)





Dentro da zona de A BARCA, os puntos de supervisión previa serían os seguintes:

- **PS17:** A Barca (29T 482157.93 m E 4773330.19 m N)
- **PS20:** Langosteira (29T 481921.76 m E 4771832.40 m N)

Aplicables ao colectivo a pé e ao de a flote cando accedan a pé por mal tempo.

Son de obrigado cumprimento se está o gardapesca neles no momento de abandonar a zona de extracción.

Nestes puntos os percebeiros/as terán que precintar as capturas cos precintos numerados facilitados pola confraría e asignados nominalmente. A través da aplicación MOVTIC deberán emitir o "Documento de envío ao punto de control" que acompañará ás capturas precintadas ata o punto de control situado na lonxa. O tempo máximo de validez deste documento dende a súa expedición será de 30 minutos para a BUITRA y 15 minutos para A BARCA.

- 1.2. Puntos de control:** Persoas percebeiras a pé e tripulantes cando accedan a pé: lonxa de Muxía.

2. A flote

2.1. Punto de descarga: pantalán de amarre das lanchas da 3ª lista do peirao de Muxía

2.2. Punto de control. peirao de amarre das lanchas da 3ª lista,

O horario do punto de control na lonxa poderá ser ata 1 horas despois de finalizar a xornada de traballo, se ben poderá modificarse en caso de detectarse desviacións non xustificadas.

Puntos de venda: lonxa de Muxía e outras lonxas autorizadas.

Topes de captura:

- A pé: 5 kg. mariscador/día.
- Embarcación: 5 kg. habilitación enrolado e a bordo/día.

Artes: Rasquetas ou raspas e trueiro segundo o Decreto 15/2011.

Horario:

Na BUITRA o normal aprobado no plan, dende 1 h 30 min antes ata 1 h despois da baixamar, e como tope ata as 18:00h.

Nos días nos que se traballe na BARCA solicitan que o horario sexa máis restritivo que o do plan, dende 1 h antes a 30 min despois da baixamar, ca finalidade de reducir os descartes.





O **20 de maio** o horario sera o normal establecido no Decreto 15/2011, dende 2h 30 min antes ata 2h despois da baixamar e como límite ata as 18:00 h.

Condicións adicionais:

As persoas tripulantes só poderán acceder ao recurso por terra cando o mal tempo dificulte o uso da embarcación, cos requisitos establecidos na ficha onde se recollen as condicións de aprobación do plan de xestión. Comunicarase por correo electrónico a Gardacostas, á Base Operativa de Muxía (gardacostas.muxia@xunta.gal), ao departamento territorial da Coruña (desenvolve-mento.mar.coruna@xunta.gal) e a Sección de Coordinación Técnica (seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal), a lista de embarcacións e o número de tripulantes que accedan por terra, e as condicións meteorolóxicas que xustifiquen este acceso.

Lembrase a importancia de recoller os datos das capturas por subzonas de calidade e realizar controis de talla cunha frecuencia mínima mensual, tal como establece o obxectivo biolóxico do plan, e sempre que sexa posible incrementala a quincenal ou, no mellor dos casos, semanal.

As solicitudes de apertura, así como calquera outro asunto relativo á resolución de apertura (modificacións das zonas de extracción ou datas, anulacións, etc), enviaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante presentación electrónica.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial

P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mª Paz Sánchez Díaz

